

# PEZA DO MES

febreiro

2006



**A CREACIÓN**  
XAIME QUESSADA



## A CREACIÓN

### A CREACIÓN

Asinado: XAIME QUESADA. 1967

ÓLEO SOBRE LENZO

190 X 500 cm

Nº INVENTARIO 4.201

O Museo conta cunha pequena representación da arte contemporánea ourensá xa que nos anos sesenta e setenta, o seu director, Xesús Ferro Couselo, apoia aos novos artistas e promove varias exposicións como a de 1969: *Muestra de Arte Gallego*, abrindo paso aos camiños estéticos e conceptuais renovadores da plástica galega. Unha destas pezas é *A Creación* de Xaime Quesada, que plasma perfectamente o seu compromiso político e social de loita pola liberdade e a xustiza.

Xaime Quesada Porto naceu en Ourense o 14 de xullo de 1937. Pintor, gravador, cartelista, ilustrador, novelista...é quizáis, como sinala o seu biógrafo Salvador García Bodaño, a personalidade

creadora máis diversa e intensa que ten dado Galicia dende Castelao. Sen embargo, e por encima de todo, Xaime Quesada (na firma artística aparece Quessada dende 1972) é un pintor de portentoso talento e creatividade naturais, que *“coñece tódalas actitudes, pero que non está maniatado por ningún dogma”* como sinala Moreno Galván. O ingrediente fundamental da súa pintura é a liberdade. Defínese Quessada como *“un pintor literario e imaxinativo...de múltiples personalidades e de disparatadas formas”* e confesa que Picasso lle entusiasma pola variedade estilística, o carácter multiforme, cambiante, constructor e destructor. Xa dende a mocidade terá presente a visión do Guernica, impresionado pola súa traxedia, case mística en brancos e negros, o berro que da á vida, a súa forza, a forma....séntese unido a el dende que en París soubo que nacera no mesmo mes no que Picasso remata o xenial mural.

Viaxa por todo o mundo, visita museos, realiza exposicións no medio dunha extensa labor creadora ao tempo que crea e participa de programas de acción artística en distintos colectivos: *O´Volter, O Galo, Sete artistas Galegos...* Recollendo cos seus





compañeiros (Acisclo Manzano, X. L. de Dios, Virxilio, Bucíños, Baltar, Pousa) o testigo cultural da Xeración Nós da man de Risco e Otero Pedrayo. Son anos nos que se implica activamente na política (UPG, PC), compromiso que marca os contidos da súa obra: lenzos, carteis, murais... expresan o seu rechazo á violencia, a opresión e á dictadura: *O Dictador, Requiem polo Che, Laberinto español...* Proxecta a súa capacidade creadora sobre os problemas sociais e políticos que lle afectan como cidadán solidario co seu tempo, recollendo así os postulados e ideais estéticos das vangardas históricas como movementos de transformación social e conciencia crítica da realidade.

Neste óleo, de enormes dimensións, recóllense moitas reflexións en torno a Picasso, expresadas cunha liguaxe creativa, un profundo coñecemento da técnica e perfección na composición. No lenzo, realizado cun tratamento da cor en tons uniformes hai unha perfecta conxunción de tecnicismo e lirismo, pois cun excelente debuxo, Quessada crea un máxico espazo poboado de alegóricas pombas picassianas, ramas de oliveira, nenos toucados con flores, seres sinistros e monumentais que estenden

a man sabedores do seu poder, de nenos ofrecidos como o da fada central máxica e etérea sostendo ao neno escarranchado, que abre os brazos á vida que lle acaba de ser entregada...a creación...

Obra austera cromáticamente pero chea de movemento, manifestando cun intenso dramatismo e beleza plástica un berro á nova vida que xorde nun mundo irreal, metafísico e tan confuso e irracional coma o noso. Di Huxley que a contínua corrente vital chamada xénero humano está rota en anacos aislados chamados individuos. O ser humano é o protagonista: maternidades, grupos de nenos, seres de rostros desdubuxados... unha poética melancolía se dilúe nun tempo inventado que desemboca na eternidade plasmada por máxicas esferas astrais iluminadas por unha luz que nace dentro do lenzo. Concentra no cadro moitas ideas, complexos simbolismos, evocacións helénicas, claves surreais e neofigurativas, e toda a forza do expresionismo e do cubismo están sabiamente conxugados, pois nel conviven moitos estilos que coñece e domina de xeito maxistral.

Multitude de corpos escorzados nun espazo desacougante trasmiten unha doce sensación de misterio intimista e reflicten a incomunicación, a soledade do home, a represión sexual e a ansia de huída dos cánones preconcebidos que atan ao home. García Viñolas sinala que *“Xaime dice líricamente o que o seu temperamento lle dicta dramáticamente”*. Na alma do pintor hai unha furia contra a inxustiza expresada cunha dicción melancólica e un refinamento de matices que transforma esa irritación en melodía. A protesta non sempre debe entenderse de xeito pesimista...aquí hai un lugar aberto para a esperanza e o optimismo. Quere golpear a sensibilidade do espectador, a través dun mundo caracterizado pola tenrura, o asombro e o pavor creando unha tensión psicolóxica en torno á confusa historia do cadro. A pintura reacciona ante a vida e converte a ira en beleza.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.  
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: M<sup>a</sup> del Pilar Núñez Sánchez

FOTOGRAFÍA: Mani Moretón.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE